



ANUNCIO

Cese e nomeamento de titulares de órganos directivos municipais.

A Xunta de Goberno Local, en sesión constitutiva, extraordinaria e uxente celebrada o 28 de xuño de 2019, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Primeiro: Cesar, agradecendo os servizos prestados aos seguintes titulares de órganos directivos municipais:

- D. Juan Carlos Martínez Muñiz, como Director da Área de apoio a Alcaldía.
- D. Manuel Carlos García Touriñán, como Coordinador de Seguridade Cidadá.
- D. Eduardo Mera Rico, como Director da Área de Economía, Facenda e Administración.
- D. Jorge Juan Cao Abad, como Director da Área de Infraestruturas e Espazo Público.
- D. Hipólito José Ramón Pérez Novo, como Director da Área de Rexeneración Urbana.
- D. Miguel Ángel Martín Fernández, como Director da Área de Cultura, Deporte e Museos Científicos.
- D^a. Marta Nuñez Martínez-Corbalán, como Directora da Área de Promoción Económica e Emprego.
- D. Juan José Pernas García, como Director da Área de Medio Ambiente.

Segundo: Nomear aos titulares dos seguintes órganos directivos municipais:

- D. Santiago Antonio Roura Gómez, Coordinador Xeral Municipal.
- D. Manuel Carlos García Touriñán, Director de Seguridade Cidadá.
- D^a. María Hernández García, Directora da Área de Urbanismo.

Terceiro: Segundo o establecido na Disposición Adicional décimo quinta da Lei 7/85, os titulares dos órganos directivos municipais quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e demais normas estatais e autonómicas de aplicación.

Os funcionarios designados como titulares dos anteriores órganos directivos pasarán á situación administrativa de servizos especiais nas súas correspondentes administracións, de acordo co disposto no artigo 87 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Cuarto: Para dar efectividade económica aos nomeamentos que se propoñen existe crédito suficiente no Orzamento Municipal prorrogado para 2019. Os efectos económicos dos ceses serán de 30 de xuño e os dos nomeamentos, a partires do 1 de xullo, na data de toma de posesión.



Quinto: Darase conta ao Pleno, aos efectos do artigo 132 do ROM, en relación co 130.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Sexto: Notifíquese este acordo a todas as concellarías delegadas, órganos directivos e xefaturas dos servizos municipais.

O Concelleiro-secretario

Juan Manuel Díaz Villoslada